

NOTA INFORMATIVA
AXENDA MUNICIPAL

Xoves 16

11.15 h.

Na Casa do Concello, o concelleiro de Promoción Económica, Xosé Manuel Iglesias, asina un convenio de colaboración co xerente da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, Xosé Luis Villasante Carrera, para a elaboración dun mapa industrial, dun mapa de perfís profesionais e un estudo técnico para a adaptación do plan parcial urbanístico do Polígono do Tambre ao novo PXOM.

12.00 h.

Na Casa do Concello, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asina dous convenios de colaboración co reitor da USC, Senén Barro.

12.00 h.

No Servizo Municipal de Deportes en San Lázaro, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Deportes, Manuel Portas, para presentar o V Trofeo de Ciclocross “Cidade de Santiago”, que se desenvolverá este domingo 19. Na rolda tamén estará o presidente do Club Ciclista Compostelán (entidade organizadora), Nemesio López; e o xerente da XADE (entidade patrocinadora), Santiago López Cuadrado.

12:30 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Cultura, Néstor Rego, e do director xeral de Creación e Difusión Cultural, Luis Bará, para presentar o *I Congreso de Ensinantes de Música Tradicional Galega*, que se celebrará no Auditorio de Galicia os días 18 e 19 deste mes. Na rolda tamén estará o presidente da Asociación de Gaiteros Galegos, organizadora do congreso, Santiago Caneiro; a responsable en Santiago da Asociación Sociopedagóxica Galega (AS-PG), Iria Aboi; e un representante da CIG-Ensino.

17.00 h.

No Palacio de Congresos, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, inaugura o II Congreso de Xestores do Deporte.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2006